

Como é a curva en centros onde o claustro o forman 4 ou 5 mestres como é o noso caso.

A curva dos innovadores é unha representación estatística, pensada para exemplificar como se comportan as grandes masas poboacionais. Isto quere dicir que, en xeral e normalmente, calquera grupo de persoas que se enfrontan a un cambio ou a unha innovación poden verse representadas con esta curva.

Sen embargo, ao seres tan pouquiña xente, é imposible cumprir esas porcentaxes.

Sen embargo, ánimovos a reflexionar sobre que rol cumprides cada un de vós no voso centro antes de enfrontarvos a calquera cambio ou innovación. Quen é máis innovador/a? Quen máis conservador? Para isto, os animo a facer o mapa de empatía, que tamén está na presentación. Pode ser unha boa ferramenta para analizarnos como colectivo.

Sorte!


Pode fusionarse proxecto con deseño.

Se a pregunta é se podemos facer un proxecto no que ao final no proxecto haxa un produto final deseñado, a resposta é SI, por suposto!

Para iso, podedes usar calquera das metodoloxías que están patexadas na bibliografía.

Existe algún lector inmersivo que sirva para empregalo a partir dunha imaxe? É dicir, unha ficha por exemplo ou un libro calquera, facerlle unha foto e que a aplicación o lea.

Pódese facer con google lens, inda que non é demasiado preciso. Non coñezo ningunha máis, mais estiven buscando por Google pero non atopei nada 🤔



Relacionado co tema dos pictogramas, existe algunha app ou ferramenta que facilite a inclusión destes en materiais deseñados por nos? E algunha ferramenta ou app para deseñar contidos dixitais que inclúan pictos?

Todas estas pódennche valer. Ata onde eu sei, eres ti a que ten que facer a pictranscripción. Porque como comenta Iria Carabal ([Plcotraducción vs. pictotranscripción](#)), non é simplemente transcribir un texto, senón interpretalo e transcribilo.

Información xeral:

- Normativa e manuais: [Pictogramas](#)
- Guía 'Cómo usar pictogramas': [Pictogramas](#)
- Pautas de deseño de pictogramas para todas as persoas: [Pictogramas](#)
- [Plcotraducción vs. pictotranscripción](#)

Web de pictogramas con licenzas libres:

- [Pictogramas para todos](#)
- [AIGA](#)
- [ARASAAC](#)
- [Flickr](#)
- [Pixabay](#)

A segunda pregunta, igual. Ata onde eu sei, serías ti a que tería que introducir os pictos no elemento dixital.

Algún recurso para pasar un tema a audio sen ter que gravalo todo, aplicando o DUA?

Para gravar audios, a min encántame Vocaroo. É sinxelo de usar, non tes que darte de alta e podes insertar o link en calquera sitio e a persoa que escoita tampouco ten que darse de alta.

Para ler un texto, tes os lectores inmersivos, que son moi útiles para todo tipo de alumnado.

- Lector inmersivo Microsoft Office:
 - Guía e recomendacións: [LectorinmersivoMO](#)
 - Titorial básico: [LectorinmersivoMO](#)
- Lector inmersivo Selection Reader:
 - Ligazón para descargar: [SelectionReader](#)
 - Titorial básico (inglés): [SelectionReader](#)
- Lector inmersivo SpeakIt:
 - Ligazón para descargar: [SpeakIt](#)
 - Titorial básico: [SpeakIt](#)

Que proxectos fixéchedes no teu centro? A modo de exemplo... por favor

No meu centro, eu como profe fixen:

- Divulgación de práctica rigorosas en Peluquería: as alumnas compartían, a través dunha canle de YouTube ou a través dunha web feita por elas, información rigorosa sobre cosmética e análise capilar (isto en Grado Medio, dou anos seguidos)

Na Asociación En la Última Fila, compártoche algúns dos proxectos que fixo o alumnado de FPB:

- *Proyecto para la concienciación sobre las dificultades que sufren las personas sin hogar. Los Participantes realizaron un vídeo con la colaboración de diferentes organizaciones.*
- *Anticorruption: Con un toque de humor, denuncian en redes sociales casos de corrupción política y de mala utilización de los recursos públicos.*
- *Proyecto para la concienciación sobre el uso de drogas entre jóvenes. Los Participantes publican en redes sociales contenidos sobre prevención en el uso de drogas y planes de ocio alternativos.*
- *Contra drogas y adicciones: Talleres de concienciación sobre drogas y adicciones. Talleres de emprendimiento. Talleres de fútbol. Talleres de cocina.*
- *ICLOV: Alternativas de ocio accesibles y saludables para jóvenes.*
- *Saving Animals Around: Talleres de concienciación sobre maltrato animal. Venta de merchandising en beneficio de protectoras de animales.*
- *LEAL: Concienciación sobre el acoso laboral. Generación de ambientes de trabajo sanos.*
- *Espacio Juventud: espacio de ocio ambulante para jóvenes de zonas periféricas de Madrid.*
- *App de Ocio para Jóvenes: aplicación web que permita a los usuarios conocer todas las oportunidades de ocio juvenil gratuito o de bajo coste.*

- *Contra la violencia de género: talleres formativos en centros educativos para alumnos de FPB sobre estereotipos y conflictos de género en sus propias aulas.*
- *Ayuda a personas sin hogar: formación y apoyo a personas sin hogar en la realización de CV, preparación de entrevistas de trabajo, etc.*

Recomendas algunha técnica concreta para facer escolla de ideas de proxectos/reto para alumnado con intereses máis restrinxidos ou dispares?

Si! E é unha das miñas favoritas que saíume ben o 95% das veces usadas.

Invítoche a descargarte a [guía de Design for Change](#), na que mesturan a metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo e o Design Thinking. Nas páxinas 29 á 32 podes atopar esta dinámica super detallada.

É preciso subscribirse a moitas dos enlaces? Por exemplo ao do Iris Carabal

Hai un pouco de todo:

- 100% abertos
- Algún pídenche que te loguees cun correo. Eu ánimovos a ter un correo "para aplicacións", coa que vos deades de alta se non queredes usar o voso correo persoal